



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Número 73  
24 de febreiro de 2017



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.5. Mocións

##### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

#### Rexeitamento da iniciativa

##### **I 4879 (10/MOC-000014)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a actuación que debe levar a cabo en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 3797, publicada no BOPG nº 53, do 26.01.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

[16286](#)

##### **I 4883 (10/MOC-000015)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 1318, publicada no BOPG nº 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

[16286](#)

##### **I 4903 (10/MOC-000016)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 1429, publicada no BOPG nº 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

[16286](#)

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

#### Aprobación sen modificacións

##### **I 2506 (10/PNP-000233)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a consolidar o recurso das casas niño

[16287](#)

## Aprobación con modificacións

### I 353 (10/PNP-000002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes, así como a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande [16287](#)

### I 1846 (10/PNP-000178)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 8 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia, dun informe respecto do posible impacto do *Brexit* na economía galega e nos seus sectores produtivos [16288](#)

## Rexeitamento da iniciativa

### I 3051 (10/PNP-000268)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas ditadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local [16288](#)

### I 3765 (10/PNP-000309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre a aplicación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia [16288](#)

### I 4209 (10/PNP-000345)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a apertura polo Goberno galego dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais do eido sanitario para recuperar os acordos acadados no ano 2008 en relación coas condicións laborais e retributivas do persoal do Sergas [16289](#)

### I 4271 (10/PNP-000348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de desbloquear a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo [16289](#)

### I 4411 (10/PNP-000363)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Vilán Lorenzo, Patricia, e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión da Dirección Xeral de Tributos, do Ministerio de Facenda, de suprimir a exención do IVE para os servizos que prestan as e os profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio [16289](#)

**1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión****1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas****COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO****Rexeitamento das iniciativas****I 957 (10/PNC-000085)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a inclusión polo Goberno galego da vacina da meninxite B no calendario de vacinación autonómico e a realización das xestións necesarias para axilizar a súa presenza nas farmacias galegas

[16290](#)

**I 1214 (10/PNC-000113)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incentivar a contratación laboral da mocidade

[16290](#)

**I 3068 (10/PNC-000301)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de saturación que padecen os servizos de urxencias de atención primaria e hospitalaria do Sergas

[16290](#)

**I 3138 (10/PNC-000307)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal dos centros especiais de emprego destinados á inserción laboral das persoas con discapacidade, así como o cumprimento do artigo 42 do Real decreto lei 1/2013, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social

[16290](#)

**I 3396 (10/PNC-000335)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego á Comisión Nacional do Mercado de Valores en relación con determinadas condicións e funcións laborais dos traballadores da banca

[16290](#)

**I 3741 (10/PNC-000352)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre a corrección dos déficits de persoal e das deficiencias do Servizo de Urgencias do novo hospital de Vigo [16291](#)

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.3. Réxime e goberno interior**

#### **2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior**

##### **2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios**

###### **2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións**

### **Acordo desestimatorio**

■ 4229 (10/SCI-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Solicitude de constitución dunha Comisión de investigación sobre as causas do accidente ferroviario de Angrois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia [16291](#)

## **3. Administración do Parlamento de Galicia**

### **3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia**

■ Resolución da Presidencia do 22 de febreiro de 2017, relativa ao horario de funcionamento das unidades administrativas do Parlamento durante o martes de Entroido [16292](#)

O Pleno do Parlamento, na sesión do 21 de febreiro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

## **1. Procedementos parlamentarios**

### **1.3. Procedementos de control e impulso**

#### **1.3.5. Mocións**

##### **1.3.5.4. Mocións tramitadas**

#### **Rexeitamento da iniciativa**

- 4879 (10/MOC-000014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a actuación que debe levar a cabo en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 3797, publicada no BOPG nº 53, do 26.01.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

BOPG nº 67, do 16.02.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 4883 (10/MOC-000015)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 1318, publicada no BOPG nº 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

BOPG nº 67, do 16.02.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 4903 (10/MOC-000016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 1429, publicada no BOPG nº 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

BOPG nº 67, do 16.02.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

### **1.3.6. Proposicións non de lei**

#### **1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno**

##### **1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas**

#### **Aprobación sen modificacións**

- 2506 (10/PNP-000233)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a consolidar o recurso das casas niño

BOPG nº 36, do 28.12.2016

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 39 votos a favor, 6 votos en contra e 27 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a consolidar o recurso das casas niño para que, no ano 2020, todos os concellos de Galicia teñan recursos de conciliación.»

#### **Aprobación con modificacións**

- 353 (10/PNP-000002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferro-aliaxes, así como a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande

BOPG nº 6, do 03.11.2016

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 66 votos a favor, ningún voto en contra e 6 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Exixir á empresa Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee-Dumbría a través dos investimentos necesarios para este fin; e traballar con Ferruglobe para conseguir o desenvolvemento dun plan de modernización das súas fábricas en Galicia que conte co máximo apoio social e sindical.

2. Velar polo mantemento das condicións establecidas nos documentos concesionarios vixentes das centrais hidroeléctricas con aproveitamento nos ríos Xallas e Grande, e moi especialmente as seguintes:

a) Non poderán segregarse de Ferroatlántica, S. A. as actividades de ferroaliaxe e de produción de enerxía eléctrica polas centrais.

b) A perda por parte de Ferroatlántica, S. A. da súa condición de titular dos aproveitamentos sinalados ante calquera acreedor, mesmo pignoraticio, será causa de extinción destes nos termos establecidos nos documentos concesionarios.

3. Solicitar que os postos de traballo que derivan da xestión, administración, contabilidade e explotación da división de enerxía recaian no centro de traballo de Cee-Dumbría-Centrales Hidroeléctricas, como así foi desde sempre, na historia de Carbuos Metálicos.»

- 1846 (10/PNP-000178)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 8 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia, dun informe respecto do posible impacto do *Brexit* na economía galega e nos seus sectores produtivos

BOPG nº 26, do 07.12.2016

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 53 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que elabore, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia e do Consello Económico e Social, un informe sobre os posibles impactos do *Brexit* na economía galega e nos seus sectores produtivos. A Xunta dará conta ao Parlamento do desenvolvemento deste informe, en todo caso, antes do remate do ano 2017.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 3051 (10/PNP-000268)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas ditadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local

BOPG nº 48, do 19.01.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 3765 (10/PNP-000309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis



Sobre a aplicación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia  
BOPG nº 53, do 26.01.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 4209 (10/PNP-000345)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a apertura polo Goberno galego dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais do eido sanitario para recuperar os acordos acadados no ano 2008 en relación coas condicións laborais e retributivas do persoal do Sergas

BOPG nº 62, do 08.02.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 4271 (10/PNP-000348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de desbloquear a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo

BOPG nº 62, do 08.02.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 4411 (10/PNP-000363)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión da Dirección Xeral de Tributos, do Ministerio de Facenda, de suprimir a exención do IVE para os servizos que prestan as e os profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio

BOPG nº 62, do 08.02.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### **1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**

#### **1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas**

#### **COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 23 de febreiro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

## Rexeitamento das iniciativas

- 957 (10/PNC-000085)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a inclusión polo Goberno galego da vacina da meninxite B no calendario de vacinación autonómico e a realización das xestións necesarias para axilizar a súa presenza nas farmacias galegas  
BOPG nº 15, do 16.11.2016

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 1214 (10/PNC-000113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incentivar a contratación laboral da mocidade  
BOPG nº 18, do 23.11.2016

Sométese a votación e resulta rexeitada por 2 votos a favor, 7 votos en contra e 3 abstencións.

- 3068 (10/PNC-000301)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de saturación que padecen os servizos de urxencias de atención primaria e hospitalaria do Sergas  
BOPG nº 48, do 19.01.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 3138 (10/PNC-000307)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal dos centros especiais de emprego destinados á inserción laboral das persoas con discapacidade, así como o cumprimento do artigo 42 do Real decreto lei 1/2013, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social  
BOPG nº 48, do 19.01.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 3396 (10/PNC-000335)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego á Comisión Nacional do Mercado de Valores en relación con determinadas condicións e funcións laborais dos traballadores da banca  
BOPG nº 53, do 26.01.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 3741 (10/PNC-000352)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre a corrección dos déficits de persoal e das deficiencias do Servizo de Urxencias do novo hospital de Vigo

BOPG nº 53, do 26.01.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.3. Réxime e goberno interior**

#### **2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior**

##### **2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios**

###### **2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións**

O Pleno do Parlamento, na sesión do 21 de febreiro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

#### **Acordo desestimatorio**

- 4229 (10/SCI-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Solicitude de constitución dunha Comisión de investigación sobre as causas do accidente ferroviario de Angrois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia.

BOPG nº 58, do 02.02.2017

Sométese a votación a solicitude e resulta rexeitada por 20 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### **3. Administración do Parlamento de Galicia**

#### **3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia**

##### **Resolución da Presidencia do 22 de febreiro de 2017, relativa ao horario de funcionamento das unidades administrativas do Parlamento durante o martes de Entroido**

As Normas reguladoras da xornada laboral semanal e do horario do persoal e de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 267, do 4 de abril de 2014) recollen, no seu artigo 13.1, que o horario xeral de funcionamento da Administración parlamentaria será o comprendido entre as 8.00 e as 20.00 e, no artigo 13.2, que o Rexistro Xeral permanecerá aberto ao público todos os días de 9.30 a 14.00 e de 16.30 horas a 18.30 horas.

Con motivo da celebración do Entroido o próximo martes 28 de febreiro, resolvo:

O horario xeral de funcionamento da Administración parlamentaria o martes 28 de febreiro será o comprendido entre as 8.30 e as 14.30 e o Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia permanecerá aberto de 9.30 a 14.00 horas.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**


- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727